

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6079 *Real decreto 403/2013, do 7 xuño, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado.*

A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, estableceu na súa disposición adicional décimo primeira a incorporación no orzamento do Consello Superior de Deportes dunha partida específica correspondente á participación dos clubs de fútbol na recadación íntegra das apostas deportivas do Estado, en concepto de reestruturación e saneamento, ou calquera outro que se puiden establecer.

Tras o cambio de réxime xurídico do antigo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado e a súa transformación en sociedade estatal, e logo da promulgación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, o esquema de participación da Liga de Fútbol Profesional e dos clubs de fútbol nos ingresos procedentes das apostas deportivas do Estado adaptouse á nova realidade e pasou a sustentarse nos ingresos do novo imposto sobre actividades do xogo.

De acordo co previsto no artigo 48.11 da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, a recadación obtida deste imposto polas apostas deportivas mutuas aféctase ás obrigas establecidas no artigo 1 do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado, e aplícase ao orzamento de ingresos do Estado.

Por outra banda, a disposición adicional terceira da dita lei prevé que se fixen regulamentariamente os termos en que por resolución do presidente do Consello Superior de Deportes se deban determinar as entidades beneficiarias da recadación polo imposto sobre actividades do xogo en relación coas apostas mutuas deportivas de fútbol, as porcentaxes de asignación financeira e o seu destino.

Coa reforma regulamentaria que agora se acomete preténdese actualizar e adaptar a referencia a porcentaxes e beneficiarios das apostas mutuas deportivas que se conteñen no Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, ao novo imposto e ao resto de previsións da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo. Debido ao específico das medidas conxunturais que se aproban, este real decreto límitase a executar as previsións da disposición adicional terceira, deixando pendente o desenvolvemento das previsións contidas na disposición adicional sexta da Lei 13/2011, do 27 de maio, en cuxa virtude se determinará regulamentariamente a cantidade procedente da recadación doutras apostas deportivas, que será obxecto de retorno ao deporte e ás competicións deportivas organizadas en España.

Por outro lado, ante a drástica diminución de ingresos no ámbito do deporte, faise necesario destinar, de forma transitoria, ao sostemento da actividade deportiva xeral, a través do Consello Superior de Deportes, unha porcentaxe dos recursos que lles corresponde xestionar á Liga Nacional de Fútbol Profesional e á Real Federación Española de Fútbol. Neste sentido, e de acordo co previsto no artigo 4, números 1 e 3, da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, prevese que o investimento que realice o Consello Superior de Deportes para o sostemento da actividade deportiva xeral se destinará a financiar, entre outros, os gastos correspondentes ao fomento das actividades propias das federacións deportivas españolas, o sostemento de centros de tecnificación ou alto rendemento ou os gastos de desprazamento á península de equipos e deportistas insulares e das cidades de Ceuta e Melilla que participen en competicións deportivas de ámbito estatal.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte e de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 7 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado.*

O artigo 1 do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios nas apostas deportivas do Estado e outros xogos xestionados polo organismo nacional de Lotarías e Apostas do Estado, queda redactado como segue:

«1. O importe obtido pola recadación do imposto sobre actividades de xogo en relación coas apostas mutuas deportivas a que se refiren o artigo 48.11 e a disposición adicional terceira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, será distribuído polo Consello Superior de Deportes da seguinte forma:

- a) O 49,95% para as deputacións provinciais, a través das respectivas comunidades autónomas.
- b) O 45,50% para a Liga Nacional de Fútbol Profesional.
- c) O 4,55% para a Real Federación Española de Fútbol con destino ao fútbol non profesional.

2. O importe que se consignará para cada un dos distintos beneficiarios nos orzamentos xerais do Estado, e que poderá ser destinado a financiar tanto operacións de natureza corrente como actuacións de investimento, será o resultado de aplicar as anteriores porcentaxes á previsión de recadación polo imposto sobre actividades do xogo en relación coas apostas mutuas deportivas de fútbol.

As cantidades determinadas conforme o previsto no número 1 terán a consideración de entregas á conta da recadación que finalmente se obteña en cada exercicio orzamentario polo citado imposto e libraranse conforme a normativa vixente. Excepcionalmente, as cantidades que correspondan á Real Federación Española de Fútbol serán libradas nun pagamento único.

3. Finalizado o correspondente exercicio orzamentario, procederase a realizar a liquidación definitiva das entregas á conta na forma prevista no número tres da disposición adicional terceira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.»

Disposición adicional única. *Regras especiais para os exercicios 2013 e 2014.*

1. Excepcionalmente, durante os exercicios 2013 e 2014 poderán efectuarse as seguintes deducións sobre as dotacións inicialmente consignadas nos orzamentos xerais do Estado a favor das entidades beneficiarias, en aplicación das porcentaxes a que se refire o artigo 1.1:

- a) Á Liga Nacional de Fútbol Profesional: un 10% das cantidades que lle corresponda percibir, ata un máximo de 4 millóns de euros en cada un dos dous exercicios.

Durante este período a Liga Nacional de Fútbol Profesional non estará obrigada a destinar as cantidades netas que reciba, resultantes de aplicar as deducións a que se refire o parágrafo anterior, ás finalidades establecidas no artigo 3.1.b) do Real decreto 258/1998, do 20 de febreiro, de construción, ampliación, remodelación, adaptación, mellora, mantemento e conservación dos estadios e instalacións deportivas en que se celebren ou teñan expectativa de celebrarse as competicións de carácter profesional e ámbito estatal. Estes gastos serán asumidos por cada club ou sociedade anónima

deportiva, de acordo cos criterios que establezan os órganos de goberno da Liga Nacional de Fútbol Profesional e en proporción aos ingresos de cada entidade deportiva.

b) Á Real Federación Española de Fútbol: as cantidades anuais que lle correspondería percibir á Real Federación Española de Fútbol veranse minoradas en 750.000 euros en cada un dos dous exercicios.

2. Durante este período, o Consello Superior de Deportes destinará as cantidades detraídas conforme o disposto nos puntos anteriores ao sostemento da actividade deportiva xeral e, preferentemente, ao financiamento das seguintes actividades:

- Fomento das actividades propias das federacións deportivas españolas.
- Gastos de desprazamento á península de equipos e deportistas insulares e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla que participen en competicións deportivas de ámbito estatal.

- Sostemento dos centros de tecnificación, centros de alto rendemento e centros especiais de alto rendemento dependentes do Estado ou das comunidades autónomas.

No suposto de que estas cantidades teñan como beneficiarias entidades deportivas singulares, será requisito imprescindible que estas entidades acrediten estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións orzamentarias.*

Para dar cumprimento ao previsto neste real decreto realizaranse as modificacións orzamentarias que sexan necesarias, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN